

## 1ª PRÁCTICA: Establecemento das “normas” para desenvolver as sesións de filosofía para nenos/as.

Tal e como nos explicaron ao longo dos seminarios do curso, é fundamental crear un ambiente diferente na aula para motivar as sesións de Filosofía para nenos/as.

Así, un día explicamos na asemblea que, a partir desda semana, iamos comezar a “xogar” a un “xogo de falar e pensar”, pero que, como xa sabiamos que todos os días e a todo momento xogamos e pensamos, explicamos que este xogo ía ser algo máis especial, polo que requiriría de certas “condicións” especiais. Logo de explicar moi sinxelamente que as sesións ían consistir en dialogar (coa súa correspondente explicación acerca do que iso ía supoñer) puxémonos man a obra para decidir cal sería o mellor ambiente para poder estar tranquilos, relaxados e a gusto para poder dialogar:

- *Mellor coas luces apagadas*
- *Tumbados na alfombra*
- *Tumbados non nos mirariamos ben para falar*
- *Coas luces apagadas e a persiana un pouco baixiña*
- *Cunhas velas*
- *As velas que usamos para os cumpleas*
- ...

Logo de concluír que deixariamos as velas para os cumpleas, decidimos que:

- Tiñamos que falar baixiño, xa que se gritamos nos doe a cabeza
- Tiñamos que estar ben sentados, porque tumbados na alfombra ou mirando para atrás non nos entenderiamos.
- Tiñamos que pedir o turno de palabra, ben levantando a man ou empregando a flor de falar que ten a profe.
- Tiñámonos que escoitar, e para iso tiñamos que estar caladiños mentras os demais falan.



- Tiñamos que pensar moitas cousas



- Tiñamos que falar despaciño e de xeito que todos nos escoitaran



A continuación, decidimos sacar estas fotos e poñelas na clase para cando quixeramos dialogar (déronse conta de que estas normas nos valían para moito máis que facer filosofía) polo que as imprimimos e estamos decidindo aínda cal é o mellor sitio para poñelas.

## 2ª PRÁCTICA : Propoñemos novos títulos para un conto.

Outra das actividades que levei a cabo cos meus alumnos/as de 4º de infantil foi a de ir describindo unha imaxe destapando seccións ata chegar ao total. Gustoulles moito e déronse conta axiña de que non todo é como asemella nun principio.

Decidín coller a portada dun conto que xa coñeciamos (a portada de Chibos, Chibóns). Estiveron facendo hipóteses para ver que conto podería ser pola cor da portada, cales non, por algunha letra que ía aparecendo,...

- *É o conto de Martiño porque a súa portada tamén é azul*
- *Eu vexo un anaquiño amarelo...*
- *É o pico de Cocorico*
- *Non! o conto de Cocorico é vermello, non pode ser,...*
- ...

Cando xa descubrimos de que se trataba, completamos a actividade inventando diferentes títulos para o conto “Chibos, Chibóns”:

- *Os tres Chibos, Chibóns*
- *Os Chibos, Chibóns que querían cruzar a ponte*
- *Os Chibos, Chibóns e o trasno*
- *Carne de Chibos, Chibóns*
- *Polo con patacas de Chibos, Chibóns*
- ...

Ademais, cada un deles escribiu o título do conto e representou a portada á súa maneira.

